

Expediente: CON2024000015 Referencia interna: 2024/00017219S -
Obras de execución do proxecto de "Rexeneración do pavimento de calzada da Rúa do San Martiño (Aríns) / Fase I" / Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2023 1ª fase
Tipo de contrato: Obras Procedemento: Aberto

ACTA NÚMERO 2

ORZAMENTO DA LICITACIÓN: 287.372,60 euros máis IVE

DATOS DA REUNIÓN

Lugar: Servizo de Contratación - Videoconferencia

Data: 18-072024

Hora 09:15

ASISTENTES

Presidencia: Manuel César Vila en substitución de Pilar Lueiro García, concelleira delegada de Medio Rural

Vogais

-Berta Rosón López, en representación da Intervención Municipal

-Iñaki Bilbao Castro, en representación da asesoría Xurídica

-Asunción Castañón Blas, arquitecta municipal en substitución do xefe de servizo de Obras e Proxectos

Asesor: Miguel Fernández Solís, enxeñeiro de camiños municipal

Secretaria: Paz Filloy Mato, xefa de servizo de Contratación

A mesa de contratación analiza o informe de valoración do 10-07-2024 das ofertas técnicas avaliadas mediante criterios de adxudicación de xuízo de valor realizado polo enxeñeiro de camiños municipal.

No informe, que lles é explicado aos membros da mesa polo enxeñeiro, constan as puntuacións acadadas por cada licitador que son as seguintes:

Nº DE ORDE	LICITADOR	a) Plan de control de calidade	b) Programa de traballo	c) Programa de actuación ambiental	d) Esquema do plan de seguridade e saúde	TOTAL
1	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	11,50	13,00	0,00	3,53	28,03
2	OBRAS Y VIALES DE GALICIA, S.L.	13,25	17,67	0,00	3,53	34,45
3	ALCOMTE GALICIA, S.L.	11,50	15,33	0,00	4,06	30,89
4	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	6,25	15,33	0,00	3,53	25,11
5	HORDESCON, S.L.	11,50	15,33	0,00	3,53	30,36

Todos os licitadores superaron o limiar de puntuación mínimo exixido para pasar á segunda fase.

A continuación e en sesión pública á que asiste unha representante da Federación Galega da Construción á que se lle informa das puntuacións obtidas polos licitadores nas ofertas técnicas, ábreanse os arquivos electrónicos coas ofertas económicas e demais criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas dos licitadores, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	LICITADOR (nome abreviado)	II.1 OFERTA ECONÓMICA		II.3 IGUALDADE	VINCULADAS
		PREZO (sen IVE)	BAIXA		
1	J. MAURI	262.112,55 €	8,79%	Si	Non
2	OVIGA	281.338,84 €	2,10%	Si	Non
3	ALCOMTE	283.924,13 €	1,20%	Si	Non
4	MARCONSA	276.912,24 €	3,64%	Si	Non
5	HORDESCON	265.417,34 €	7,64%	Si	Non

Orzamento base de licitación (epígrafe 3.A do anexo I):	287.372,60 €	0,00%
---	--------------	-------

Nº DE ORDE	LICITADOR (nome abreviado)	II.2 ESTABILIDADE EMPREGO							
		TOTAL PERSOAS TRABALL. CADRO PERSOAL	TRABALL. DIRECTAMENTE RELACIONADOS EXECUCIÓN OBRAS EN XERAL	PERSOAS TRABALL. CONTRATO FIXO INDEFINIDO XORNADA COMPLETA	MULLERES TRABALLADORAS CONTRATO FIXO INDEFINIDO XORNADA COMPLETA	TRABALL. DESEMPREG. CONTRATADOS 12 MESES ANTERIORES	II.2.1 % PERSOAL FIXO / GLOBAL	II.2.2 % MULLERES / PERSOAL FIXO	II.2.3 % TRABALL. DESEMPREG. / PERSOAL GLOBAL
1	J. MAURI	10	8	10	3	0	100,00%	30,00%	0,00%
2	OVIGA	45	36	39	5	0	86,67%	11,36% (12,82%)	0,00%
3	ALCOMTE	24	5	18	3	0	75,00%	13,64% (16,67%)	0,00%
4	MARCONSA	57	25	39	4	3	68,42%	7,14% (10,26%)	5,17% (5,26%)
5	HORDESCON	18	18	17	3	0	94,44%	17,64% (17,65%)	0,00%

A mesa adopta os seguintes acordos:

Primeiro: Aceptar o informe de valoración das ofertas técnicas avaliadas mediante criterios de xuízo de valor do 10-07-2024 realizado polo enxeñeiro municipal de camiños do departamento de Medio Rural.

Segundo: Dar traslado desta documentación ao enxeñeiro de camiños municipal de Medio Rural para que realice, logo da comprobación da existencia de ofertas susceptibles de seren consideradas en baixa, o informe de valoración e o cálculo das puntuacións correspondentes a cada licitador nos criterios avaliados mediante formulas así coma o cálculo das puntuacións totais das ofertas no procedemento de licitación.

Levántase a sesión ás 9:30 horas

Vº e prace
A Presidencia da Mesa

Eu, como secretaria, dou fe